



OU ZANFONA SEMANAL—D' ALEGRIAS OU DE BÁGOAS,—SEGUN QU' O POBO GALLEGOS  
S' ADIVIRTE, CANTA OU LAYA.

#### PRECIOS DE SUSCRICION

N-a Cruña, OITO cadales pequenos ó mes—Fora NOVE id.—Número solto UN can grande

#### O PAN.

Non me propongo entretér a atención d' os leutores espricando a fabricación de tan proveitoso e xeneral alimento, que *doutres* (ou forneiros) hay n-a terra que vol-o podrán ensiñar; non trato tampouco de facel-a hestoria d'as trasformaciós por que pasou hasta chegar ó pan gramado e ós panicillos franceses, qu' están dicindo á tod' o que non teña telarañas n-a gorxa: «coméleme». Vou á acuparme d' o pan soasmentes n-a aceucion que se lle dá xeneralmente e co-a que se quer sinificar a susistencia d' o home.

Pergunto: ¿cántas crases hay de pan?

—De millo, de centeo, de trigo, de cebada, de relon, etc., —me diredes.

Non é esa a nai d' o año. Hay pan doce ou de *mogollon*, qu' é o que comen moitos propietarios e rentistas, amasado c-o sudor d' o probe labrego e deitados á bartola; *pan amargo*, como diiron en chamar ó que se come lonxe d' a pátrea; *pan de cada dia*, que reza o «Padre Nuestro, y-é a racion diaria d' os probes que non-o tendo n-a casa teñen que rabuñalo de cote cada vintecatro hours; *pan pra tod' o ano*, que pol-o regular seméntano uns pra qu' outros o coman, e *pan de picos*, qu' é o que lev' á boca calquera que teña pouc' aprension e muller guapa.

De todas estas crases de pan o mais resésgo é o

de *cada dia*, pau qu' está n-a cima d' a cucaña d' o traballo, e d' a que volven ás veces os probes sin haber podido aganchar. Cando por haber subido o preceo d' o pan se di qu' está pol-as nuñes, non se refera ás crases privilexadas qu' agardan moi tranquilas á qu' o pan vaya visitalas á suas casas, sinón ós fillos d' o traballo, qu' ainda fincando uñas e dentes non chegan á él.

A particion por igoal d' os bés d' a terra entre todolos homes soñada c-o dilirio d' a fame, é un estravío inocente e disculpabre; pro, a desproporción que vemos entre o que teñen uns e outros homes, é unha inxusticia, un desorden social, a maior iniquidade, cuasqu' un roubo legalizado pol-a costume e que si non fire e subreva o ánem, débese á que toda inxusticia moi duradeira inxirese n-a sangre d' os pobos com' os humores malos n-a sangre d' os homes.

As portas mesmas d' unha casa onde votan 6 pan ós cás, ou n-a que catro persoas consumen e custan tanto com' unha provincia, mórrrese un home de fame ou agoniza unha familia víutima d' a *tisis* ou *frato* qu' enxendra o axuno forzoso. Un braeiro anda petan-lo de porta en porta ofrecendo seu traballo en troque d' unha códia, e non atopá idea pensará qu' a terra xa non dá grau, cando pisou por diante de cen trullas qu' agardan a carestía—seus donos, non as trullas—pra vender milés de

ferrados c-os qu' habia pra librar d' a miseria e d'a morte ó enxamo de labregos e non labregos pr' os que non se sementou o ano pasado.

Pro o que mais xenreira predoce n-os magoados e qu' éles, qu' andan de cote á piñas co-a fame, son os que mais directamente fincan o lombo pra sostener á máquena política e administrativa, que ten todal-as rodas engranadas n-a carne de cañon,

Mais vexo que sin querer vou trocand' o pan pol-o compango, o que non parescerá estrano tendo en conta qu' aquel artícalo é curman de todal-as custiós sociás, qu' ó cabo non son mais que custiós de coma; socedéndome n-esto o propeo qu' ós labregos qu' escomenzan falando d' a sementeira e d' o gando e acaban acupándose d' os preitos, d' a suba d' as contribuciós, d' o que será d' España pol-o camiño que leva e por meténdose á sí mesmos poñer terra por medio pra cando chegue a fin,

Pra concruir, un consello á tolol-los q- non teñen mais qu' o pan de cada dia: posto qu' o Estado é tan agarimoso, tiremos co-a ferramenta á un rincuncho e preguémonos á él com' as lapas ás penas d' o mar pidindolle destinos, destinos e destinos, que quizais d' esta maneira veñ' a rebola que catro tolos andan buscando por outro camiño.

## LÉRIAS

### O CONTO DE NUNC' ACABAR

—¿Hay licencia?

—Adiante quen sea.

—Bós dias, señor amo: e logo, como lle foi dende a derradeira semana?

—Home ben, si non fóra este demócaro de frio que fai, por mais que com' é seco abondo ainda vai un estriand' a pata por ahí. ¿E tí que tal?

—De saíde, á Dios gracias, ben; así fóramos de cadelos.

—Conque pol-o visto non ch' esquençeu o encargo que che fixen o mercedo pasado.

—Xa sabe vosté, señor que si son iñorante non é pol-a perguiza mita, e qu' aproveito todal-as ocasiós qu' atopo pr' alu-trarme; e logo como vosté esprica tan ben d' esas cousas d' a política.....

—De política non falemos, porque solo sirve pra os cas gordos, pola n-a pásache o que n-a mar, qu' o peixe gran le cóñestio pequeno. E como tí nin eu non hámous de quita: voyito algun d' ella, non seámol-os peixes pequenos; e ten en conta que mande quen queira o Xan Lanas a de gozar se n'pr' os pratos crebados.

—Elle unha maza que non tén volta, e podeselle apricar aquela a carne come o lobo non sendo a sua qu' a lam. Podes estou vendo dous viciños meus que n-a derradeira ocasion riñiron por causa d' os votos de deputados, e non un preito n-a xusticia que xa

lles custou o que non ll' han de dar os señores por quen riñiron, e cata que por ofrecerelles montes e moreas non quedaron curtos.

—Pois mira tí, esos señores de quen falas, sonche hoxe tan amigos que comen xuntos á mesa d, o presupuestu.

—¡Arrenegado sea o demo! Cando lles oubia falar de votarse un á outro á presidio, non coidei que poderan verxe xuntos mais que n-él, e moito menos comendo man á man. Porque, eu serei un probe, pro palabra que dou, sea boa ou mala, cumpria hastr' a morte,

—¡Qué gaita me tocas, Gorechos! Eso de palabras e pormesas en tempo d' aleucios, é fume que lev' o vento. ¿Cánto tamen non pormeteron os nosos concexás? ¿Cánto non falaron e esquiviron sobr' administracion, sobre melloras morás e materias e sobr' o abandono en qu' os outros tiñan os intereses d' o pobo? ¿Coidas qu' é o mesmo pertender sentarse n-os sillós bermellos d' a casa grande pra ter o gusto de qu' o traten á un d' usía, que, unha ves conseguido, espoñerse á perdidas amistás de don Fulano ou don Citano por si se cumple ou non o contrato de consumos, si se paga ou non se paga o mes adiantado, si á tal compañía se lle fai ou non cumplir co-a obligacion e si os dependentes d' a mesma se lles autoriza ou non pra decomisar en medio d' as ruas públicas xéneros que x' adeudaron os direitos, sin que se lles imponha multa nin correucion algunha? ¿Coidas que rompen moitas solas d' os zapatos por andar vixiland' ós seus dependentes e apricarles correutivos cando cometan algunha falta? Non, porque d' estances animistarianse c-o señor por quen están recomendados e que n-o seu dia prestoullas sua infruencia pra subir á cucaña, que tal debe ser, pois hoxe parece qu' é naceario ser concejal pr' outér a depositaria monicipal, dad' o número e calidá d' os pertenentes.

—Adimirame qu' eso pase n-a vila.

—Pois eche tan certo, como qu' acarreiran más tras d' ese anaco de bica mol, qu' os rapaces n-aldeas tras d' unha cerdeira de cedo.

—Moito pode valer eso d' estances!

—Moito non; por ahí uns dazaseís mil reás ó ano, mais que menos.

—Eu tíñall' entendido que n-a vila, como n-aldea, ese destino podiao desempeñar calquera sin mais condiciois qu' as de ser persoa de crédito e prestar fianza.

—Tamen aquí é o mesmo; pro si pode quedar n-a casa, é dicir, entr' amigos, é mellor que non qu' o leve un estrano. Pro eu fin, esto non ch' é mais qu' unha parte d' o que pasa, e outro dia falaremos mais d' estas custiós, pois hoxe faíme quencer a cabeza, e estes días d' os Carnavás son mais propeos pr' as risas que pra tratar cousas serias.

—E xa que d' os Carnavás fala, cóntem' algo d' as antroidadas d' a vila.

—Pouc' ou noda pôdexe contar, Gorechos, pois o que pasa pol-as ruas non meresco a pena, e en cant' os bai-les solo sei o que din os papés e catro marmuladores que pregoan por todol-os currunchos que, á algunhas sociedás que fan de noite á modo de ruadas pr' adivir-tirse os socios e suas familias, sucéddelles o que non podían esperar: que se ven acupand' os sitios mais malos d' o local por apropearse os mellores persoas alleas ó mesmo.

—Eu non ll' entendo d' eso, pro segun m' espricon o fillo d' o sacratario, n-esas sociedás solo deben entrar os endividados qu' a compoñen e mais os forasteiros.

—Así debia ser; pro, qué ques? Hay cousas n-a vida..... Pro' si s' escarranchan as pernas pra moitas cousas, com' a de ter algun socio cinco palcos n-o peto, e disputaren n-o medio d' a rua mais nomeada n-este pobo sobre si outros tiñan mais ou menos:...., en cam-beo apértanse pr' os forasteiros, pois en todas partes non solo teñen éstes entrada de valde—sendo persen-tados por un socio—sinon qu' hastra tratan d' ouse-quialos com' a galanteria obriga; e non dirlles entra-da n-o baile prévi' o pago d' UN PESO, como dis que II' acouteceu á algun.

—Estáche boa a *baraza*; non párece sinon que queren arrecadar d' os forasteiros a pouca cosecha de *millo* que se *baraxou* est' ano!

—E ti que sabes si se *baraxou* ou non *millo*?

—Siñor amo: xa sabe que votei oito anos n-o ser-vicio d' o rey, y-élle unha escola onde se deprende de todo, bó e malo, e com' ademais eu falo á meúdo e-o sobriño d' o siñor abade, que ten moito que contar d' estas cousas.....

—Vaya, Gorechos, non seas mal pensado. Eche tarde pra volveres á casa, e así deixémol-os contos por *fioxe*.

—Pois e-o seu permiso, si non manda outra cousa, hastr' a semana que ven.

—Adios, home, e memorias por alá.

## CÁNTIGAS

(.....)

Teñ' o peito doido miña rula!  
Perdín d' a relixón a dolce té;  
Sint' un cancancio que me vai matando....

Consolame.

Consolam' e e-o lume d' os teus ollos  
Derret' a neve que por min caet;  
Cur' a melancónia que n-a y-alma  
Se me meteu. ☺

Consolame c-os bicos que pormeten  
Os teus beicíños roxos, de coral,  
Recolle, amorosiña, os meus sospiros,  
Calm' o meu mal.

Deixa qu' a miña frente n-o teu seo  
Descans' un pouco, deixa, corazón.....

—Señor, déijeme en paz, que ferv' o pote  
y faltall' o melón.

R. PONTN.



## CONTESTACIÓN A CARTA D' O MEU SOBRIÑO.

Onete, coarta feira,  
e por man d' o Fucu,  
qu' é un propeo qu' est' ano,  
o cacique puxo  
(certo licenciado  
d' o penal de Búrgos,  
qu' indino empreado  
axuda ós chanchullos)  
recibin a tua,  
e n-ela con gusto  
vin que tés saúde  
e mais bon precuro.  
Eu estou, á Dios gracias,  
anque vello, duro,  
salv' ágota, o reuma,  
o frato e escrubuto.  
Esbóirisme n-ela  
que vou xa maduro  
e debo ir deixando  
as cousas d' o mundo.  
“A vellés vixigas”  
—me dis porqu' estudio,—  
estando pr' o viaxe  
moi préto meu turno;  
qu' ós probes labregos,  
metendo en barullo,  
pradico que ximen  
boix' a ley d' o embudo,  
debendo eusortalos  
á leval-o xugo  
que Dios por probalos  
n-a terra ll' impuxo,  
pois basta que seipan  
pagal-os trabucos,  
soletrear o Astete  
e abrir ben o suco....

¡Nin tí tes meolo,  
sobriño Goruchos,  
nin ese é o camiño  
d' o céo nin d' o mundo!  
Pra min son os libros  
as áas con que subo  
ás rexíos qu' habita  
o Espírito d' os mundos,  
y-escoito sua fala  
cal doce marmullo,  
pregoar o dacreto  
qu' eu así traduzo:  
—“Non quero qu' o céo  
traspoñan os burros  
que n-a baixa terra

sendo ainda os últemos,  
verdás que descobren  
os homes profundos  
non entretiveron  
seu corto discurso.  
Non val que magoén  
o peito e os puños,  
non val que nos recen  
á min ou San Bruno,  
nun compren o bula,  
porqu' eu, que mais bulo,  
tras seu *gloria Patris*  
vex' o qu' está aculto.  
A sencia d' os homes  
de Min é un efruvio  
e así o qu' é iñorante  
d' aquí o desconxuro.  
Con sinos esternos  
ou rezo enegrímeno  
ó céo non arriba  
quen téa meolo rudo.—  
Xa cibich' o daereto,  
probiño Goruchos,  
e porqu' as pestanas  
me queimo n-o estudio,  
e así, refreusiona  
e sigu' o meu rumbo,  
pulind' o caletre  
que tes cuasqu' en bruto.  
Sin mais, que te coides,  
y-esquirbas á metido,  
e si en algo sirvo  
fareino con gusto.

A. V. T.

—  
PIEDÁ PRA XAN, PIEDÁ!

—∞∞—

Moi enfermo d' unha orella  
Tópase o probe de Xan;  
Mais onte, deixand' o leito  
Veu á vil' á consultar.  
O médeco veuno, e díolle  
De certo mod' ó rapás:  
—¿Cómo demoro deixaches  
A enfermedá compriar?  
Pois, *¡non ch' é nada o d' o ollo!...*  
Crebouch' o tímpano, Xan.

El, con tan mala noticia,  
Volverse, car' ó lugar,  
E atopando sua dona  
(Qu' é unha meniña que ¡xá...!)  
Dixolle desconsolado,  
Chorando, o probiño Xan;  
—Ay, Marica! Oxe toleo,  
A testa voltas me dá.  
Dende qu' estiven c-o médeco  
Cuasque non pudo falar.  
¡Aj!, de min! Rompeum' o pínfano  
Sin qu' o podía remediar.  
Eu morro, Marica, eu morro....  
Sin él eu quedo moi mal.  
Cando tal'oyeu Marica,  
Agarrada n-o seu Xan,  
Bágoas vertendo de cote,  
Escomenzou á berrar:

—Ai d' os dous, Xan quiridiño!  
¡Cánto teño que chorar!  
Eu á Virxen pidireille  
Que teña d' os dous piedá;  
Si signes así, Xaniño,  
Eu quedo tamen moi mal.  
Eu morro, Xaniño, eu morro  
Téndote así... sin sanar.

Eu vendo tan trist' escena  
Pidinll' é Virxen piedá  
Para Marica e Xaniño  
Que non fan mais que chorar:  
“Nosa Siñora d' o Cármen  
Dalle pront' ó probe Xan  
O remedio que che pide...  
“¡Que tanta falla lle fa!”

MANUEL J. LEMA.

## Ó MÓR D' A LAREIRA

## OS AMARGORES D' O DIÑEIRO

Unha hora dempois d' a en que se deitan as galinhas, e alumeándose c'un faciúzo de cirillas apanhadas n-o chan, don Bartolomeu Espiniña dispónase á recollerse ó leito, dempois de pasar ríquisa ós peshos de total-as portas e ventanas e pegal-a orella ó chan pra ventar calquer roído sospeitoso que poiéra denunciarlle qu' os enemigos d'a propiedá, en xeneral, e d' os avaros, en particular, andaban á usma.

Pro, ainda que lle doése tér aces' a cativa lus  
mais tempo d' o que conviña á seus cálculos, non  
quixo pasarse sin o únece pracer que disfrutaba  
n-este mundo de pasar a man ós cartiños; e dirixíndose  
á un rincúncho d' a habitación pisou en certo  
sitio e de certa maneira unha táboa, que s' ergueu  
como por obra d' o trasno, deixand' ó descuberto  
un buraco d' on le él sacou con moito traballo has-  
tra des saquiños como faltriqueiras, que non  
tiñan trazas d' estar cheos de millo.

Foinos valeirando un por un e contando e re-  
contando as amarelas que drento d' éles había, fa-  
céndolles mil garatusas e ribiricándolles o rabo d' o  
ollo; volveu dempois á encher os sacos meténdos  
de novo n-a fochanca, e riñíndose á si mesmo pol-o  
destrago que fixera de lus, douile á esta un resoplí-  
do que por pouco a desfai e meteuse n-o cocho ás  
apalpadelas.

Don Bartolomeu nunca s' entregab' ó sono sin  
facer denantes as oraciós como calquer outro cris-  
tiano, porqu' eso sí, era moi compridor de tod' o  
que non custab' cartos: pol-o demais, metia entre  
*Padre Nuestros* pol-as ánemas e pol salú e *concordia*  
d' os príncipes d' a Eigrexa algunha oracion pidin-  
do de corazon á Noso Siñor que reservase seu te-

ouro «d'a persecucion de nosos enemigos», e outras en aueion de gracias por ser cada ves mais grande a anada de probes que piden emprestád' ó cen por cen.

De calqueira xeito, o dios Morfeo, qu' é o mais agarimoso d' os dioses e o que mais se condoe d' os probes mortaás, tomouno pol-a sua conta e ó pouco rato o bó de don Bartolomeu roncaba com' home que non crebara un prato n-a vida.

N-o mellor d' o sono, a rebolideira chola d' o men vello, desvelada pol-o coidado de sempre, escomenzou á traballar, e dando un brinco por riba d' o tempo e d' o espicio, levouno á un sitio e á finha edá d' as que non se daba conta.

Era unha pobración sin fin, n-a qu' oróido d' os coches, tranvías e máquinas de vapor abouxábanlle os oubidos; caminaba con gran traballo entr' aquel deluvio de xente que formigab' arriba e abaixo, e non podendo xa co-a sua y-alma meteu-se n'un café qu' ó paso atopon. Estaba este cheio de xente que falaba pol-os codos e, ó parecer, de causa de moita raonta, votándose de ver qu' os que pol-o traxe pescian siñorós poñian cara de poucos amigos, mentras que moitos probes diaños, vistindo esfarrapadas brusas heilaban e votaban ó aire os chapeyos como si non lles couper' a alegria n-o corpo.

—Esa reforma—dicían os pirmeiros—non debe prantearse, porque d' estonces adios o orden social, adios á autividá humana, que non ten mais aguillón qu' o interés; adios á moralidá, adios ó....., adios á.....

—¡Viva á xusticia que ven pol-o camiño d' a cencia!—Non haxa mais capital qu' o crédito que feña cada home n-a sociedá, segun seu valor ben medido e pesado,—berraban os últimos.

Don Bartolomeu qu' anque non entendía ben o lenguaxe, fixárase n-quaella palabra de *capital*, abreu cada ollo como roda d' un cirro, e dirixindose o corro menos barulleiro perguntou:

—¿Qu' é o que pasa aquí?

—Pois ahí é nada; qu' o goberno, sancionando tinha ley d' as Córtes basada sobre un proyecto presentado por un home sábeo de querrou que cese o valor d' o diñeiro; e posto que n-esta sociedá cada un vive d' o seu traballo, non haxa mais moeda qu' un certificado chamado de *xusticia* qu' acredeite á utilidade, as forzas e sacrificios, ós piligros, á beneficencia e valor, etc. etc. etc. d' o traballo de cada un.

—E logo, ¿en que país vivimos?

—Vaya unha pergunta! ¿Pois non sabe yosté que estamos en New Yorek?

Don Bartolomeu non quixo oubir mais: ergueuse com' un azougado, correu á sua casa, puxo debaixo d' o brazo un saco d' ouro e votouse pol-as ruas pra ver por sí mesmo si odiñeiro non tiña valor ou bon.

Ben correu moitos comercios pra comprar calquera cousa, pro en todas partes lle tiraban condes-

precio as moedas e se lle rian n-as barbas: aquelo era a fin d' o mundo: ¡él que non había tido más dios qu' o becerro d' ouro, velo caer así d' o altar....!

Convencido de qu' o diñeiro habiase convertido en follas secas, volvے á casa cheo de xenreira contra d' él e escomenzou á tiralo pol-a ventana.

Cando desvaleiraba o último saco, despertou: o dia escomenzaba a rayar, entrando a lus pol-as rendixas d' as ventanas, proximamente a escuridá d' a chola de don Bartolomeu; e así ó probe rico, saltou en coiros d' o leito, co-a frente mollada n-o frío sudor de tod' a noite, e abrindo as ventanas com' un tolo, berrou con tod' a forza d' o seus pulmóns:

—¡Socorro! socorro! que me rouban!....

Como era natural xuntoisemoita xente o pé d' a sua casia preguntando onde estaban os ladrós; pronto chegáron ó mesmo sitio veciños d' él, os que rindose á caraxadas sacaron de duda; ós outros, dicíndolles:

—E o probe de don Bartolomeu, que todal-as mañas nos desperta co-a mesma gaita. O moito diñeiro volveuno tolo.

Co-esta resposta desfixoso o corro de xente, marmulando os probes pra contra si:

—Bendito sea Dios, que reparte o diñeiro mal e as espiñas por igual.

A. V. T.

## PUNQUEIRAZOS

### A sesión d' as trasferencias

Con poucos siñores concexás, e menos asociados, virificouse o viernes último a tan cacarexada sesión chamada d' as *trasferencias*, a que de seguro deixará mamoria n-o ánemo d' o pobo cristián, pois, segun noso lial entender, o asunto n-aquela descutido en vez de ser un beneficio pr' os veciños, perxudicados en gran maneira, pois dá motivo á desatender capitalos tan interesantes com' o d' incendios, servici' hoxe tan abandonado aqri, que non solo non esfá á altura d' os adiantos modernos, sinon que, mais que d' unha d' as mellores capitás d' España paresce d' un pobo calquera horfo d' amentamento: e pol-o estilo os demais capitalos que foron ouxeto d' a trasferencia, esquencéndolles—penso qu' á boa fé—outros que solo poden interesar á certas personalidades.

Pro vamos ó grao, e enténdame quen poida.

Cando nos chegamos estab' o siñor alcalde lendo un memorial d' o que mali' a palabra que ll' entendemos

O siñor Golpe, qu' en todo se mete e debe ter un cheiro que cobizaria un xefe de cocinha—anque fora municipal—pideu a lectura d' a acta d' a anterior sesión n-a qu' aprobáran' as trasferencias.

Repricoull' o siñor alcalde qu' os asociados viñan á aprobar e non á descutir.

Terne que terne, o siñor Golpe dixoas moi gordas, tanto que chegou á meter n-o ánemo d' os asociados certo comichoir, concruindo por pidir un d' estes siñores a leitura de dit' auta pra poder facerse cargo d'o distinto que se vintilaba.

Pra un mal preito nunca falt' abogado, e foino n-esfa ocasión o siñor Sesmeros que mantivo as teorías d'o siñor alcalde.

Rebateu sua argumentacion o siñor Golpe, dando sempre n-o cravo e facendo cada roncha n-a persidencia que ten pra rascar hast' a sesion que ven.

O siñor Garcia Collazo, co-a sua oratoria mélida, etatounos a tan sabida hestoria d' o coartel de Caballería, e—como non podía por menos—fixo coro ó siñor Sesmeros.

A esto o siñor alcalde, que n-a su' alustracion coñecia que non s' atopaba en bó terreo, non sabia que facer: si negar ou conceder a parola pr' escrarecer as dudas d' os asociados.

Volveu á falar o siñor Golpe, ou mellor dito, á disparar razonamentos qu' iban á espertarse como ferróns n-o sillón d'o dosel.

Rouco, o siñor Rouco, que dá mostras de non té rapas n-a lengoa cando se trata de defender os verdaderos intereses d'o pobo, probou qu' a conduta d'a Persidencia pra c-os asociados era a mesma que se viña observando c-os concexás d' oposición: dixo qu' ó seu entender, as leises non permiten impoñer mais direitos qm' os ordinarios, tronando contr' o municipio por haberse comprometido á facer o coartel, dando así motivo á ter que saquificiar atincíos mais urxentes e nacestarias e agoirando confritos económicos pr' o porvir: qu' él habera soscrito sempre que ditas obras foran d' utilidá pr' o pobo, tales com' unha cátre modelo, ou algun edificio de Beneficencia pública. (O siñor Casares soñrese.)

O siñor Garcia Collazo fai consideracíos sobr' as ventaxas pr' os pobos d' as goarniciós de tropa.

De novo usa d' a palabra o siñor Golpe detallando os accidentes d'a trasferencia n-a sesion anterior, facendo alusíos ás xenalidades n-ela amostradas ó non consentir que se discutise a proposición persentada pol-o siñor Rouco, protestánda e persentand' outra que non tivo mellor fortuna: chama de paso ós votantes..... vimos unha cousa que non m' astrevo á dicir.

Dáse por aludid' o siñor Lavaca e como síndico protesta contr' o dito pol-os siñores Rouco e Golpe, proban comovido e nerveoso, que non se ll' oubia fala, notándosele, si, un toniño queixoso como de Madalena.

Reitifica o siñor Rouco e sostén qu' as fautorías militares votaron á terra pequenas industrias, e que pol-o mesmo, hoxe as goarniciós non deixan quedar os beneficios que se supoñen.

Dempois de falar tendido e long' o siñor Casares, dá o alcalde por descuidid' abando este asunto.

Un asociado pregunta si o Estado a d' abonar a renda d'o coartel e si caso de non pagarse á propietaria d'o o terreo o prazo conviñido ten esta direito á alzarse co-as obras.....

En boa xurisprudencia así ten que ser; pro á pesar de todolos pesares foi aprobad' a trasferencia por vintedous votos contra catro.

Damos as mais cumplidas gracias á *Fidelidad Gallega* pol-as lisonxeiras palabras que nos dadica e que non merecemos, o mesmo qu' ó *Telegrama* e á *El Censor* que nos honraron devolvéndonos a homilde visita que lles fixemos.

Sentimos non poder ofrecer outro tanto c-os demais colegas locás, ós que tamen visitamos, sin deprocatar-nos de qu' as *eminencias* e *alcurnias* de certa manitu están, pol-o visto, dispensadas d' as mais rudimentarias prácticas de cortesia, cando d' os homildes se trata, pois non supoñemos que tal conduta obedezca ó propósito cativo d' aconomizar papel.

Facemos gustosos esceucion en favor d' o ilustrado colega *La Mañana*, qu' anque non remanesceu por este sua casa, acusa recibo d' o noso semanario, e consagrano tamen lisonxeira e inmerecida calificacion qu' estimamos en tanto canto val a autoridá de dito predeco.

Hoxe, ás seis d' a tarde, dara comenzo o baile d'enenos n-a sociedá "Liceo Brigantino", o que permite estar concurrido e moi animado, dado o bó humor qu' é de supoñer n-a felís edá d' os pequenos bailarís, que non ven n-o horizonte mais nube qu' a escola.

¡Lástima non houbera xurado que concedera premios ós que den mostras de saber adevirtirse!

Qu' é arte e hastra cencia que non se apeg' á tod'o mundo.

Senon qu' o digan algúos osos.

Dende hoxe nadia se queixará, sinón que sea de vicio, d' a mala calidá d' o tabaco, e o qu' o faga ten que ser de moi mal contento, pois as melloras introducidas pol-a empresa tabacaleira son radicás e d' esa que merecen ser apraudidas.... hastra co-as uñas.

Denantes era cousa corrente ver morrer un home viútima d' unha *tagurnina* á porta d' un estanco; n-o socesivo esto será xa imposible, porque tal desgracia solo pode alcurrir á veira d' unha "espendeduria ná-maro tantos" qu' é o novo nome con que foron confirmados pol-a dita compañía os estancos.

Co-esta medida e a de cambear as tabliñas mellora en tercio e quint' o xénero con que pouco á pouco nos envenenaba o Estado, pois mais humanitaria a compañía e non querendo vernos angonizar nos fará.... estoupar como unha bomba, sobre tod' ós probes fumadores d' o con moita razon chamado tabaco *común* pr' os que



## SUPREMENTO

Ó NÚMERO 2, CORRESPONDENTE Ó DIA 9 DE FEBREIRO DE 1888, D'Ó PREÓDECO

## A FULIADA.

Cruña 12 de Febreiro de 1888.

### BANDO

Nos, o Antroido, Señor, Amo e Director de todol-os fuliós d' o mundo; Rei de todol-os belés e d'a metá d'os cristos; Presidente de todal-as mesas en qu' haxa graldumeiradas, porco e outros peixes; Arrabañador d' as filloas, frolles e orellas de frade; Vichuco d' o viño e outros caldos; condecorado con restras de chourizos e biñuelos de vento por benaméreto en trangalladas maiores e menores, etc., etc. ORDENAMOS E MANDAMOS:

Artícalo 1.<sup>º</sup> Dend' hoxe hast' o Miércoles d'a Cinza, todo vasallo meu que non poida poñer boa cara, mercará a carantoña mais riseira d-o comercio de Rodriguez, co-a obrigacion, si é casado, de non quitala nin pra dormir, e si é mozo e soso, de non facel-o oso.

2.<sup>º</sup> Nadia fará labor que ll' estorbe a cucion d' as lacoadas, e as mulleres—e algúns gomosos—coidarán de levar os xustilles froxos.

3.<sup>º</sup> Adivirtiráse tod' o que poida e scipa, e os que non paparán as moscas mirando pr' os que gasten humor: queda prohibid' ós vellos lembrar os bos tempos d' a xiringa e os hóvos.

4.<sup>º</sup> Concurrirán ós bailes que n-o meu honor hai dispostos hast' os vellos cáncamos, pol-es seus cartos, de convite, de mogollón ou de vú.

5.<sup>º</sup> Nadia se tomará licencias porcas co-as rapazas nin se aproveitará d'a carantoña pra decirles palabras que non están n-o diucionario. Os que tal fixeren serán uns toupeiros mal aduados.

6.<sup>º</sup> Prohibo que tanto n-as calles como n-as casas e bailes haxa reertas, así como tamen que ceiben uns á outros cousas que lixuguen ou magoen, sin que valla de pretesto a sona de valente nin as calavazas d'a noiva.

7.<sup>º</sup> Queda permitid' ás casadas o disfrás, así como toda clás de bromas que non produzcan crafuchos n-a testa ós maridos. Tamen poden poñerse os calzós.... por disfrás, con fianza d'as costas e sin esquencer o pte d'o caldo.

9.<sup>º</sup> Por mais qu' o martes ás doce d'a noite resino o mando n-a Coaresma, acordamos entr' esta Sínora e Eu que se celebren miñas honras fúnebres, ordenando ós meus súditos concurran ó treato sin mais carantoña qu' a de nacencia pr' oubir a lentura d' o meu testamen-

to e enteirarse d'as mandas qu' á cada un deixo.

9.<sup>a</sup> As raparigas casadeiras quedalles permitidas todal-as artimañas, cebos e anzolos que nacesiten pra pescar noivos. Si pescando se lles escorren os pés e caen de costas, o Antroido non responde d'as crebaduras.

Dado n-a botiga de Baco etc.—O ANTROIDO

En sonvol-o pantasma d' as moitas tolerias co-as qu' esquencer seus males pertend' a humanida; todol-os anos morro, mais pásame o qu' ó fénis, e d' as miñas ciñzas volvo á rezositar.

Alò, cando de côte vagaban pol-o espaco espíritos, meigas, trásnos asustand' o fogar, pra bulra d' erexes sacáronme d' a nada fillo d' os seus rencores, feo como meus pais.

Tod' as estravagancias de sigros de loucura e todol-os caprichos que tén á sociedá puxéronmos n-a cara, sin ver que son espello que resalta os defeutos que queren cultar.

Son pretesto inocente durante o meu reinado pra qu' o cristian' orbe, rompendo co-a moral, n-o fango d' os praceres se emborecall' e remexa, e antes cheguí ó cansancio que non á saciedá.

Eu, tendo por padriño a fá d' aqueles sigros en qu' era forza o douma n-a fogueira limpar, din ó inferno mais almas qu' os demos todos xuntos en bailes, en orxias e lances c-o disfrás.

Son en fenixir mayestro, curman d' a hipocrisia, a miña carantoña continua moda é xá, que saben os mortales qu' n-o mundo qu' habitan saca a mellor tallada quén sabe engañar mais.

O escoitar meu nome de gozo brinc' a xente, fan un punto de polka a nena y-o galan, glotóns e bebedores relámense os fucifíos qu' á viño e lacoadas lles sab' o paladar.

Lárgalos, burros, cornos son d' a miña cosecha, e sinto qu' a xiringa prohibir' a autoridá, qu' ainda que son vello tamen teñ' os meus gustos, y-entr' eles non teñ' outro com' o de xiringar.

En fin, si pol-as señas non dades c-o meu nome non sodes d' o dios Memo seutarios de verda, que sodes uns vasallos ó estilo d' e hoxe en dia que solo se entusiasman si lles dan credencial.

Anque son soberano, marchándose c-o sigro, fixenme mais democrata qu' o mesmo Castelar, e á todol-os vasallos dou iguales direitos sin outros privilexos qu' os qu' otorga o caudal.

Non qucro qu' os ediles coticen a legria comprando eso que chaman "antusiasmo oficial"; ostim' os vosos vivas si m' os dades de valde que quer' o voto unánime o Rey d' o Carnaval.

Vosoutros perguntabades:—Qu' eres ti que te finxes rey, mendigo, farsante, mentira e realidá? Meu nome garantiza qu' é cert' o que vos digoo; son o ANTROIDO, acramado por rey d' a "vacanal".

## TELEGRAMAS

Pol-o aramio d. «A Fuliada»

Fechado n-as estridas 12.

Corte Momo perpara seu viaxe,  
todos teñen xa postal-as polainas;  
diñeiro pouco, ménos equipaxe,  
que non están os tempos pr' andainas

Idem 12-t.

Leva Antroido este ano pouca pringue,  
humor cativo, faltan os cadelos;  
si atopan primos qu' á xantar lles brinden  
collan ben a occasión pol-os cabelos.

Idem 12-n.

Perparen aloxamento  
Palacio monicipal  
e coiden con moito tento  
que Sua Alteza o Carnaval  
non vex' o qu' hay alí drento.

Idem 1-n.

Lev' a carantoña fea;  
non quer comparsas de xéito  
senon máscaras d' aldea,  
e si alguén sal ó direito,  
non pase por dond' estéa.

Idem 2-n.

Moito roido e poucas noces  
dispoñan n-esa cibdá,  
algús soltos dando couces  
co-aquelo tan vello xá  
de «¿máscara, me conoces?»

Monforte 12.

Pedido tortas faturado pequena velocidá pra  
que chegue mais pronto. N-a estacion foi declarada  
dinamita por mor d' os larpeiros.

## ULTEMA HOURA

Locida «tuna» que d' Oviedo sal  
qu' é comparsa que laudes xustos gana  
ven á honrar, visitandoa, capital:  
por éla boten casa por ventana.

Mulleres, raparigas, vellos, mozos  
ver como d'ousequiala danse trazas;  
fagan de virtuallas mil destrozos,  
e o Champan e Burdeos corra por tazas.

IMP. DE A. AMENEDO PONTE,  
Rua d' a Fita, núm. 7, Cruña.

## A FULIADA

PREÓDECO D' INTERESES MORÁS E MATERIÁS NOTICIAS E ANUNCEOS

Qu zanfoína semanal--d' alegrías ou de bágoas--segun qu' o pobo gallego--  
o' adivirte, canta ou laya.

Sal á lus todol-os xueves de todal-as semanas de todol-os meses de todol-os anos, etcétera.

É o preódeco de mais circulacion en toda Galicia.

PRECIO DE SOSCRICION:—N-a Cruña, oito cadelos pequenos ó mes.—Fora nove id.

Por oito perros ó mes—tés fulion tod' o ano,—e sin salir d'a lareira,—á calquera mamarracho—  
que con disfrás párcel un home—sendo solo un espantaxo,—sacará lle a carantoña—(si afroxas  
antes os cartos).

Redaucion e Administracion: Fitá, 7.

parce que se dixo aquelo de "n-o pecado vai a penitencia."

Por un artícalo publicado n-o número 22, defendendo ós Fiscás, foi denunciado noso colega *O Censor*.

E dase o caso estrano de que segun él dí a denuncia parte d' quen estaba comprendido n-a defensa.

Sentimos verdadeiramente o percance, por mais que despréndese d' él unha proveitosa enseñanza que xa n-o seu tempo dou Cervantes ás edás e que todos debemos recoller.

A de que non se debe crebar lanzas senon en favor d' as inocencias convencidas.

D' un amigo noso recentemente chegado á República Arxentina, recibimos e temos á vista unha longa carta n-a que dános conta d' as alcurrencias d'a bordo n'un vapor que saieu d' este porto, carta que publicaremos si se confirman as graves acusaciós que n-ela se fan contr' a compañía propeataria d' aquel barco.

Com' algunas d' estas compañías acostuman publicar correspondencias fidedignas soscritas á bordo, noutros, sempre que teñamos ocasión, farémolo tamen d'as cartas que con bagoas n'os ollos esquirben ás suas familias moitos pasaxeiros lembrand' o trato de que foron ouxeto n-a tarvesía.

Teño eu unha rapariga  
(quiero decir n-o estreccexo),  
que ten a cutis tan branca,  
que ten o pelo tan negro,  
unha boquiña tan cuca,  
uns ollos tan picarescos,  
as meixelas rosadiñas,  
labres frescos é bermellos;  
un corpo qu' así se move  
(despensar ó movemento)  
dende babor á estribor,  
cal o pino cimbra ó vento.  
En fin quéreme á min tanto,  
tanto, que plévem' o dem  
si d' o nome d' o meu santo.  
s' acord' anqu' eu á cort  
Un mocíño mui prancha  
espigado, anque tatexo,  
qu' á veces sole dicirle:  
«Ma-ma noe-noe-la te q  
petouille n-o corazón.  
¡A saber qué pensament  
se levará á rapariga  
ó casarse c' un tatexo!  
Eu sei que marchan os  
de bracete e de paseyo,

cal si á femia d' o gorrión  
s' axuntara c-o bencexo.  
Dí o refran que Diol-os cria  
e s' axuntan os xemeños,  
y-eu digo qu' é mais verdá  
que se buscan os extremos.  
Ela é unha lebre corrida  
que dorme c' un ollo aberto,  
y-ó asegurar compañía  
dará auciós ós compañeiros.

A. V. T.

IMP. DE A. AMENEDO PONTE.

Rua d' a Fita, núm. 7, Cruña.

LEOPOLDO PIÑEIRO

*Pastelería e Comercio de panos*

Praza de Vista-Alegre.—SARRIA

Predoce, ir lonxe por panos,  
desenganos;  
e Piñeiro é unha persoa,  
según sóa,  
qu' a última moda siguindo,  
cal xastre á quem nadia empata,  
sua parroquia vai vistindo  
qu' é d' o mundo frol e nata.

¿Solo fama e non diñeiro  
quer Piñeiro,  
e d' orbe enteiro recibe  
cánt' espide?  
Pois tendo él tan bós tratos  
é, mercar n-outro almacen,  
semear o grau pr' os ratos  
ou non querer vistir ben.

FRADICA DE CHICLATE TRABALLADO A BRAZO

DE

RAMON GUITIAN

Praza de Vista alegre.—Sárria.

Toda persoa fina é intelixente  
qu' o succumisco noso haza probado,  
dirá, lanbend' o bico e sorriente:  
“Das máquenas non sal tan bó bocado.”

E esta verdá non ten volta nin tasa  
pr' os que d' o caracas entendades;  
mais si algun duda, merqueo n-esta casa  
ou pregunte de cal gastan os frades.

Praza de Vista-Alegre.—Sárria.

## ANUNCEOS

PAPELERIA. LITOGRAFIA

EOUXETOS D'ESQUIRTORIO

**M. ROBI,**

54-Real-54

Compreto sortido en toda crás de papés de fio pra oficinas—de folla longa pra preódecos e obras—bonitiños papés pequenos e comercias pra cartas—tintas, lapiceiros, prumas e canto fai falla n-os esquirtorios,—compretos y-alegantes útiles pra dibuxo, así como tamén artícolos pra fumar.—Abondante sortido de libros moi cuquiños pra rezar n-a cirexa siñoras e siñoritas.—Libros con siguideiros pra contas.

Ista casa conta n-o seu espacioso taller c'unha dúnia de rapaces, uns que rascan n-as pedras facendo bonitiñas cousas e os lapiceiros d' aceiro, y-outros que fan botar d'as máquinas follas abondo con vistosos coores; e o mesmo fanse traballos pra oficinas civiles e d' os corpos armados, papés e os timbres moldeados; empresos pra contas, libros siguideiros de mais ou menos follas, como fanse tamen moi boas TARXETAS brancas, de lito e con escudos d' armas ou outras alegorías. Etiquetinhas pra os feires, botellas de viño, cervezas e pr' as tendas de medicinas. Letras de xiro, cartés, cartas co-a relacion empresa pra non ter qu' esquivir tanto n-os comercios, esquelinhas pra noticear casamentos, e outras cousas que por ser moitas se m' esquencen.

54, calle Real, 54—A Cruña

**MARIANO VAL E C.<sup>A</sup>**

Santa Catalina, 17

**Viños d' Aragon, Castilla,  
Blanco Chiclana, Riveiro  
e Valdepeñas.**

Viños de mesa como éles n-os atopades n-o pobo, dan forza ós convalecentes, curan o cólera morbo, ós vellos dan longa vida, ás casadas dán refolgo e se contan moitos casos de rasucitar ós mortos. E o sacreto d' estas curas beber un neto d' un sorbo, e repitindo estas tomas pagar ben e pidir outro. Pra pifar entre comidas o Chiclana é como un ouro, e onte un vello qu' o catou saleu d' alí feito un mozo. **NON MAIS CALVOS**, qu' este viño fai medral-o pelo á moitos, si con magras de xamon dan unhas fregas ó estógamo.



ZAPATERIA BRIGANTINA

DOMINGO TENREIRO E COMP.

Ruatraviesa, 12—Betanzos

N-esta conocida tenda, á que xusta fam' abona, hay canto a moda pertenda, bó e barato, qu' é perbenda n-estes tempos, segun sona!

Hastra d'o confín d'a terra venien aquí os materiais; e aqui, co-a rutina en guerra, faise o calzado, á compás d' as nociós qu' a cencia encerra.

Estética, Xeometría son mayestras n-o taller, direutor a Natomía, e dáse os pés outro sérvio e o corpo mais gallardia.

GRAN TINTORERIA D'O PALENTINO

Calle d' Orzan, 68

N-este acredatado establecemento tíñese de todolos colores e quítanse toda clás de manchas ás roupas, así de siñoras como de cabaleiros; ademais lávanse cobertos de lan, usados ou novos, dáselles o coor que queira, e sácaselles o pelo; todo moi baratiño e co-a pefucion que ten acredatado.

NON ESQUENCERSE:—Orzan, 68, Cruña.

F. G ACUÑA

ORBALLEIRAS  
poesías gallegas e castellanas

Véndese aquí

**A FULIADA**PREÓDECO SEMANAL D' ENTERESES  
MORÁS E MATERIÁS

Sal á lus todolos xueves

Precio de suscripción:—Oito cadelos pequenos ó mes

Número solto UN can grande

EMPRENTA

DE

**A. AMENIÉDO PONTE**

Bua d'a Fita, núm. 7

Faise aquí toda clás de traballos, ben e barato.